

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|----------------|----------|---------------|
| 15020854 | CPI de Xanceda | Mesía | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|--|---------|------------------|-----------------|
| Educación infantil | Combinada: Comunicación e representación da realidade / Crecemento en harmonía / Descubrimento e exploración da contorna | 4º Inf. | 8 / 8 / 8 | 280 / 280 / 280 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 60 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 61 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 62 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 63 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 63 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 64 |
| 7.2. Actividades complementarias | 64 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 65 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 66 |
| 9. Outros apartados | 66 |

1. Introducción

Esta programación enmárcase no DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Integra as tres áreas nas que se estrutura o currículo: Comunicación e representación da realidade, Crecemento en Harmonía e Descubrimento e Exploración da Contorna, tratadas desde unha perspectiva global, axeitada ao momento psicoevolutivo do alumnado desta etapa educativa. Traballaremos os obxectivos de cada unha das áreas para facilitar o máximo desenvolvemento de cada nena e de cada neno, partindo de aprendizaxes significativas e emocionalmente positivas, onde a curiosidade, a experimentación e o xogo terán un papel esencial.

Esta programación vai dirixida ao grupo de 4º de Ed. infantil do CPI de Xanceda, formado por catro nenas e catro nenos, escolarizados parcialmente no primeiro ciclo (agás unha nena).

A maioría fan uso dos servizo de comedor e transporte escolar.

Atendendo ao D.79/2010, usaremos na aula a lingua predominante (neste caso a galega) e procuraremos atención individualizada ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

Contamos co mestre de Relixión Católica (para o alumnado matriculado nesta opción) e con profesorado de FI, Ed. Física e Ed. Musical, que imparten as sesións semanais correspondentes ás súas especialidades.

A programación está deseñada para ser desenvolvida a través da realización de unidades didácticas entendidas como amplos proxectos de aula, formados por situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios) onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares, buscando o logro dos obxectivos das mesmas e unha axeitada adquisición das competencias clave.

A temporalización (das unidades didácticas) proposta é orientativa, podendo ser modificada en función dos distintos ritmos de aprendizaxe ou dos intereses das nenas e nenos, para manter unha dinámica motivadora organizada con flexibilidade (de tempos, tarefas, agrupamentos ou espazos). É importante destacar ademáis que este alumnado vai estar co de 5º de Infantil, nunha aula única, formando un grupo de dezaseis alumnos e alumnas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna. | 1 | | | | | | | |
| OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes. | | | | | 1 | | | |
| OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas. | | | 1 | | | | | |
| OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características. | 1 | | | | | | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural. | | 1 | | | | | | |
| OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva. | | | | | 1 | | | |
| OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva | | | | | 1 | | | 1 |
| OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable | | | | | 1 | 1 | | |
| OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos | | | | | 1 | | | |
| OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo. | 1 | | 1 | 1 | | | | |
| OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten. | | | 1 | | | | 1 | |
| OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas. | | | 1 | | | | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|----|----|------|
| OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante. | | | 1 | | | | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------|---|------------|----------|----------|----------|
| 1 | XA VOU Á ESCOLA | <p>A chegada á escola é unha experiencia novedosa para este alumnado. Trataremos este cambio partindo da identidade de cada un para ir coñecendo aos compañeiros e compañeiras, as súas familias, o profesorado e outros membros da comunidade educativa. Tamén coñecerán o colexio, as distintas dependencias do centro, as normas, etc.</p> <p>No primeiro trimestre traballaremos para que perciban a escola como un lugar seguro, interesante e divertido, pero diferente á casa, con espazos moito máis grandes e con outras rutinas.</p> <p>Nesta época do ano a natureza amosa cambios que nenas e nenos perciben e que nos brindan interesantes experiencias de aprendizaxe: as festas e labores propios desta estación coma o magosto, a vendima, o samaín, colleita do millo ... para rematar coas festas de Nadal.</p> <p>Relacionamos así familia e escola, partimos da realidade cercana e imos ampliando progresivamente o mundo coñecido por eles, dun xeito lúdico e activo, no que nenas e nenos constrúen a súa propia aprendizaxe.</p> | 280 | X | | |
| 2 | CHEGOU O INVERNO | <p>Traballaremos distintos temas co inverno como fío do proxecto: os cambios na paisaxe, na forma de vestirse das persoas, os oficios, traballos e profesións, o entroido, os alimentos ...</p> <p>As nenas e nenos decátanse dos cambios: vai máis frío, imos máis abrigados, os días son máis escuros. Aproveitando a temática da roupa e do entroido, introducimos oficios e profesións "de maior quero ser ...". Visitarannos na aula persoas que lles falarán dos seus traballos e iremos ver unha perruquería, unha</p> | 280 | | X | |

| UD | Título | Descrición | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------|---|------------|----------|----------|----------|
| 2 | CHEGOU O INVERNO | empresa de maquinaria agrícola ou algún outro centro de traballo próximo ao colexio. | 280 | | X | |
| 3 | É PRIMAVERA | De novo veremos cambios na nosa aldea: a natureza, as hortas, os campos, os animais, o movemento, as vacacións, os medios de comunicación e transporte ... Por ser unha zona rural nesta época do ano hai moito movemento polas tarefas agrícolas. Aproveitaremos para coñecer os produtos da horta e os traballos da mesma, a importancia dos vexetais, das árbores, do medio natural en xeral. Tamén falaremos dos animais e das súas características básicas. Coma sempre partiremos do coñecido (a vaca, os pitiños, os insectos pao da compañeira de PT, as formigas e bolboretas que vemos no patio) para ir descubrindo outros máis descoñecidos. Ao remate, os medios de comunicación e transporte, a praia, o verán, as vacacións... | 280 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 1 | XA VOU Á ESCOLA | 280 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo. | Participa en conversas na aula | TI |
| CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento | Mellora na coordinación xeral e no equilibrio | |
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Manipula libremente distintos obxectos | |
| CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas. | Usa algún cuantificador básico de maneira espontánea | |
| CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes. | Participa en diálogos | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz | Avanza no control dos seus movementos | |
| CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos. | Oriéntase na aula e localiza os distintos espazos | |
| CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas | Progresa na precisión dos seus movementos | |
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade | Recoñece diferenzas físicas entre as compañeiras e compañeiros | |
| CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás. | Comeza a usar "antes, agora, despois" | |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | Recoñece as emocións básicas nel e nos outros | |
| CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos. | Amosa curiosidade ante outras linguas | |
| CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais. | Intenta buscar solucións ante dificultades ou conflitos | |
| CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso. | Vai ampliando o seu vocabulario | |
| CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións. | Pide axuda cando o precisa | |
| CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. | Emprega fórmulas básicas de cortesía | |
| CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións. | Sabe agardar a súa quenda | |
| CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás. | Participa na clase de inglés | |
| CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo. | Progresa en habilidades lóxicas | |
| CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación. | Coordínase cos compañeiros e compañeiras | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión. | Mellora na pronuncia e na construción de frases | |
| CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais. | Responde de maneira axeitada ás interaccións dos outros | |
| CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais. | Vai ao baño e lava as mans por propia iniciativa | |
| CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico. | Ordea correctamente secuencias temporais de 2 ou 3 elementos | |
| CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles. | Comprende a importancia da auga para a vida e procura non malgastala | |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas. | Desprázase de forma correcta polos espazos do centro, sen correr nin empurrar | |
| CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Ten adquiridas as rutinas da aula | |
| CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal. | Sabe o nome das persoas do seu núcleo familiar, dos compañeiros e compañeiras e do profesorado que traballa na aula | |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa. | Recoñece algunha grafía | |
| CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Respecta as normas das rutinas | |
| CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna. | Saúda e despídese, usan un ton de voz correcto cando se dirixe a alguén | |
| CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos. | Comprende que hai outras familias diferentes. Identifica pais, irmáns, avós e avoas | |
| CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación. | Xoga libremente cos outros | |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión. | Controla progresivamente o trazo | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos. | Participa activamente no xogo simbólico | |
| CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas. | É respectuoso cos demais | |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas. | Participa nas celebracións festivas | |
| CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso. | Gústalle ir á biblioteca | |
| CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria. | Recita algunha rima ou conto | |
| CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons. | Identifica algúns sons e ruídos familiares | |
| CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas. | Participa na clase de música | |
| CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | É respectuoso co traballo dos outros compañeiros e compañeiras | |
| CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. | Participa nas actividades artísticas propostas | |
| CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Manifesta preferencias musicais, cromáticas, literarias ... | |
| CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas. | Gusta das actividades propostas na clase de música | |
| CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo. | Participa en actividades plásticas | |
| CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza. | Participa en actividades de baile ou danza | |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. | Iníciase no manexo do rato e do ordenador | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal.
- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.
- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.
- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.
- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.
- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.

Contidos

- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Relacións de parentesco.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- A escola.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.

Contidos

- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------|----------|
| 2 | CHEGOU O INVERNO | 280 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo. | Participa en conversas na aula, escoita e respecta a quenda para falar | TI |
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Comeza a clasificar e a seriar obxectos | |
| CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal | Representa o corpo de xeito global, diferenciando cabeza, tronco e extremidades | |
| CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes. | Responde de maneira axeitada ao que se lle demanda | |
| CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos. | Identifica o círculo, o cadrado e o triángulo | |
| CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz | Avanza no control dos seus movementos | |
| CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos. | Oriéntase no centro (aula de música, biblioteca, ximnasio) | |
| CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico. | Emprega as nocións dentro/fóra, diante/detrás, arriba/abaixo, cerca/lonxe ... para situarse e situar obxectos no espazo | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas | Progresa na precisión dos seus movementos | |
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade | Indica algunha semellanza e diferenza entre os compañeiros e compañeiras | |
| CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás. | Comeza a usar "onte, hoxe, mañá" | |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | Expresa verbalmente as emocións básicas propias e recoñece as dos outros | |
| CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos. | Recoñece que hai linguas diferentes e participa | |
| CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso. | Vai ampliando o seu vocabulario | |
| CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións. | Sabe verbalizar os sentimentos sen rabieta | |
| CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións. | Sabe esperar, recoñece os erros | |
| CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. | Emprega fórmulas básicas de cortesía, na aula e no centro en xeral | |
| CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás. | Participa activamente na clase de inglés | |
| CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo. | Disfruta das actividades con imáns, lupas, pesas, etc. | |
| CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación. | Coordínase cos compañeiros e compañeiras | |
| CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión. | Mellora na pronuncia e construción de frases, enriquecendo a súa expresión oral | |
| CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais. | Mantén un comportamento correcto á hora da merenda e no comedor | |
| CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais. | Responde de maneira axeitada ás interaccións dos outros | |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas. | Respecta as normas na aula e no centro en xeral | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Actúa de maneira autónoma nas rutinas | |
| CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas. | Recoñece animais, plantas, seres inertes | |
| CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos. | Coida dos animais e plantas do entorno | |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa. | Recoñece o seu nome e o dos compañeiros e compañeiras da aula | |
| CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Respecta as normas e sabe agardar a súa quenda | |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión. | Reproduce algunha grafía | |
| CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación. | Xoga no recreo con outras nenas e nenos que non son da aula | |
| CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade. | Coñece algunhas profesións e relaciona algúns obxectos e/ou ferramentas que lle son propios | |
| CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos. | Amosa certa iniciativa no xogo simbólico (sin monopolizar sempre o mesmo rol) | |
| CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas. | É respectuoso/a cos demais | |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas. | Participa nas celebracións de Entroido e identifica algunhas características do mesmo | |
| CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso. | Gústalle ir á biblioteca a mirar libros | |
| CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria. | Coñece e lembra rimas, contos e cancións e intenta mellorar a expresividade | |
| CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons. | Distingue sons e recoñece os producidos por algúns instrumentos musicais | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas. | Disfruta en actividades con instrumentos musicais ou corporais | |
| CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Opina sobre as producións dos demais de maneira construtiva | |
| CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. | Gústalle participar activamente en distintas propostas artísticas | |
| CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Manifesta e explica preferencias musicais, cromáticas, literarias | |
| CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas. | Participa nas actividades propostas na clase de música | |
| CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo. | Participa en actividades plásticas ampliando as técnicas (ceras, pintura de dedos, collage ...) | |
| CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza. | Participa en pequenas dramatizacións na aula | |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. | Iníciase no manexo do rato e do ordenador | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... |

Contidos

- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Ampliación do repertorio lingüístico individual.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Os seres vivos e as súas características.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. respecto dos seus dereitos.
- respecto e protección do medio natural. respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.

Contidos

- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3 | É PRIMAVERA | 280 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|-------------------------|------------------------|----|
|-------------------------|------------------------|----|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo. | Participa na assemblea da aula, dialoga cos compañeiros e compañeiras, fai preguntas e responde | TI |
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Clasifica elementos, fai series, identifica o atributo común nun grupo de obxectos (cor, forma, tamaño), combina elementos | |
| CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información. | Identifica os números ata 5 | |
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen | É capaz de identificar cores, sabores, sensacións tactis básicas | |
| CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes. | Comunícase de maneira axeitada coas persoas do centro (alumnado, profesorado, persoal non docente) nos corredores, no patio e noutras estancias | |
| CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos. | Sítuase según a indicación espacial pedida e sitúa os obxectos | |
| CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz | Avanza no control dos seus movementos | |
| CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico. | Emprega as nocións dentro/fóra, diante/detrás, arriba/abaixo, cerca/lonxe ... para situarse e situar obxectos no espazo | |
| CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas | Progresa na precisión dos seus movemntos | |
| CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | Compara magnitudes (lonxitude, peso) | |
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade | Indica con naturalidade as diferenzas e semellanzas, sen manifestar valoracións negativas | |
| CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino | Usa axeitadamente os distintos obxectos da aula | |
| CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás. | Ordena imaxes seguindo a secuencia temporal | |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | Recoñece emocións en si mesmo/a e nas outras persoas | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | Mide con cuartas, pés, pasos ... | |
| CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos. | Coñece palabras e expresións doutras linguas (galego, castelán, inglés) | |
| CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso. | Amplía o seu vocabulario | |
| CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza. | Participa en pequenas dramatizacións na aula | |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. | Iníciase no manexo do rato e do ordenador | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. |

Contidos

- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Os seres vivos e as súas características.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respeto dos seus dereitos.
- Respeto e protección do medio natural. Respeto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos. - Respecto cara ás producións alleas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática. - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3 | É PRIMAVERA | 280 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|-----------|
| CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo. | Participa na asamblea da aula, dialoga cos compañeiros e compañeiras, fai preguntas e responde | TI |
| CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese. | Clasifica elementos, fai series, identifica o atributo común nun grupo de obxectos (cor, forma, tamaño), combina elementos | |
| CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información. | Identifica os números ata 5 | |
| CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen | É capaz de identificar cores, sabores, sensacións tactis básicas | |
| CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes. | Comunícase de maneira axeitada coas persoas do centro (alumnado, profesorado, persoal non docente) nos corredores, no patio e noutras estancias | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|---|---|----|
| CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos. | Sítuase según a indicación espacial pedida e sitúa os obxectos | |
| CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz | Avanza no control dos seus movementos | |
| CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico. | Emprega as nocións dentro/fóra, diante/detrás, arriba/abaixo, cerca/lonxe ... para situarse e situar obxectos no espazo | |
| CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas | Progresa na precisión dos seus movemntos | |
| CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | Compara magnitudes (lonxitude, peso) | |
| CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade | Indica con naturalidade as diferenzas e semellanzas, sen manifestar valoracións negativas | |
| CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino | Usa axeitadamente os distintos obxectos da aula | |
| CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás. | Ordena imaxes seguindo a secuencia temporal | |
| CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais. | Recoñece emocións en si mesmo/a e nas outras persoas | |
| CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas. | Mide con cuartas, pés, pasos ... | |
| CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos. | Coñece palabras e expresións doutras linguas (galego, castelán, inglés) | |
| CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso. | Amplía o seu vocabulario | |
| CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles. | Participa en pequenos experimentos coa auga | |
| CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións. | Pide e ofrece axuda ás compañeiras e compñeiros e/ou ao adulto | |
| CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. | Utiliza de forma habitual as fórmulas de cortesía (saúdos, por favor, grazas) | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións. | Recoñece os erros e procura correxilos | |
| CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional. | Ordea e verbaliza secuencias de accións para levar a cabo unha actividade | |
| CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás. | Participa activamente na clase de inglés | |
| CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación. | Coordínase cos seus compañeiros e compañeiras | |
| CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo. | Manipula, mide, pesa, trasvasa, compara obxectos | |
| CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el. | Mantén o entorno limpo, utiliza a papeleira | |
| CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión. | Utiliza un vocabulario máis amplo e unha expresión máis elaborada | |
| CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais. | Ten un comportamento correcto no comedor, séntase, lava as mans e recolle as súas cousas | |
| CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais. | Entende o que lle din e responde axeitadamente | |
| CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas. | Cumple as normas básicas de seguridade | |
| CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade. | Identifica algunha árbore e nomea algún río do concello | |
| CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Desenvólvese nas rutinas da xornada escolar | |
| CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa. | Usa graffas ou símbolos e identifica algunha palabra escrita | |
| CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas. | Come sen axuda, respecta as normas no patio e nas entradas e saídas do centro | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|--|----|
| CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación. | Xoga libremente con outros nenos e nenas, mantense entretido/a no recreo | |
| CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión. | Escribe o seu nome | |
| CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos. | Propón variacións no xogo simbólico, asume diferentes roles | |
| CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade. | Participa activamente nas celebracións propostas no centro | |
| CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes. | Identifica a Rosalía de Castro, recoñece algún monumento | |
| CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas. | É respectuoso cos demais | |
| CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas. | Acepta as normas e amosa un comportamento conciliador | |
| CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas. | Participa en celebracións e festas coordinándose cos compañeiros e compañeiras | |
| CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso. | Na biblioteca respecta as normas e pide libros | |
| CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria. | Escoita e participa en actividades de contacontos e recitais de poesía | |
| CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons. | Identifica cancións traballadas, distingue ruídos da natureza | |
| CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas. | Participa ordenadamente nas actividades da clase de música | |
| CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática. | Fala con respecto dos traballos dos compañeiros e compañeiras | |
| CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo. | É capaz de facer creacións mais elaboradas | |
| CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo. | Elixe libros, contos e músicas que lle gustan | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA |
|--|---|----|
| CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas. | Participa na clase de música e de psicomotricidade | |
| CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo. | Empeza a recortar, picar, combina cores | |
| CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza. | Reproduce unha danza ou dramatización seguindo as pautas previamente marcadas | |
| CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais. | Controla o rato do ordenador | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. |

Contidos

- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. respecto dos seus dereitos.
- respecto e protección do medio natural. respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.

Contidos

- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O currículo de educación infantil establece que a práctica educativa nesta etapa debe estar baseada nas experiencias, nas actividades e no xogo, e debe levarse a cabo nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e integración social, atendendo progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ás manifestacións da comunicación, ás pautas elementais de convivencia social e ao descubrimento da contorna. Non debemos esquecer a educación en valores e o coidado especial no uso dunha linguaxe libre de prexuízos e non sexista.

Por tanto, procuraremos que a nosa actividade educativa:

- Se leve a cabo nun ambiente de aprendizaxe axeitado, tanto na organización espacial como temporal, con variedade de recursos e materiais.
- Se desenvolva cun enfoque globalizador e próximo á realidade dos nenos e nenas,

que parta dos seus intereses e teña en conta as súas propostas.

- Non perda de vista o principio de igualdade.
- Respecte sempre a diversidade, favorecendo a creatividade, evitando valoracións negativas e comparacións entre os nenos e nenas, cun papel fundamentalmente motivador e estimulador.
- Teña en conta ao alumnado como parte activa do proceso educativo, para que acaden aprendizaxes significativas e funcionais, facilitando a autovaloración das súas producións, respectando sempre as dos outros.
- Contemple a flexibilidade de agrupamentos en función das distintas actividades.
- Ofreza distintas opcións para o acceso aos contidos ,que contemple un deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos.
- Potencie a motivación e as metodoloxías activas aproveitando a curiosidade innata do noso alumnado por descubrir e explorar o mundo que o rodea.
- Estimule o desenvolvemento das diferentes linguaxes.
- Desenvolva todas as posibilidades do alumnado traballando o razoamento lóxico, o método científico e as habilidades do pensamento computacional dende un enfoque coeducativo e o respecto ás emocións, propias e alleas.
- Promova actitudes activas de sensibilidade e respecto cara o medio ambiente, a cultura propia e as alleas.
- Favoreza a participación das familias en distintos obradoiros, talleres, experiencias ou actividades.
- Atenda á diversidade e á diferenza de ritmos madurativos e de aprendizaxe.
- Procure a iniciación no uso de ferramentas tecnolóxicas dun xeito responsable e complementario, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.
- Entenda o papel da escola integrado na súa contorna, buscando unha boa relación coas familias e aproveitando ao máximo as posibilidades educativas da comunidade escolar e das saídas didácticas planificadas.
- Facilite unha transición positiva desde o ambiente familiar á escola.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--------------------|
| Recursos humanos |
| Recursos materiais |
| Outros recursos |

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Serán variados e diversos, axeitados aos tipos de contidos, aos contextos e as características do alumnado.

Recursos humanos

- Ademáis das mestras e mestres que imparten as súas especialidades neste nivel (EM, FI, EF, Relixión), contamos co resto do profesorado do centro, PT, DO e media sesión semanal a cargo dunha especialista AL (compartida con outros dous centros);
- Persoal non docente: conserxe, administrativo, unha coidadora, persoal de cociña, nais e pais colaboradores de comedor, monitoras e monitores en actividades ocasionais organizadas polos distintos equipos didácticos ou polo concello de Mesía;
- As familias, que colaboran en distintos talleres ou experiencias como parte activa no proceso educativo do noso alumnado.

Recursos materiais

- Material funxible: convencionais e non convencionais
- Recursos tecnolóxicos: ordenador e pantalla de aula (con conexión a internet), material audiovisual

- Material sensorial: bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...), pelotas de foam, materiais de texturas
- Material manipulativo
- Material visual: carteis, bits, láminas
- Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, aros
- Material de xogo simbólico
- Instrumentos musicais
- Recursos bibliográficos: ademais da biblioteca do centro, dispoñemos dunha pequena biblioteca de aula (contos, cómics, libros de imaxes)
- Usaremos material impreso, tanto editado como de elaboración propia. Atopamos grandes dificultades para conseguir material de lecto-escritura impreso en galego; o que hai está esgotado ou descatalogado. Pensamos que non axuda ao uso normalizado do idioma e esquece o dereito do noso alumnado galegofante a aprender na súa lingua.

Outros recursos

- Materiais curriculares
- Recursos espaciais: as dependencias do centro e o seu entorno serán tamén recursos fundamentais no noso proceso educativo. Temos unha aula moi pequena, pero compartimos espazos como a aula de Música, a Biblioteca, a aula de Informática, o ximnasio, un pavillón, patio de primaria con pista de fútbol e baloncesto e un parque infantil con areeiro (situado na parte de atrás do edificio).
- Recursos da contorna: podemos disfrutar dos elementos naturais do rural, ou facer uso das instalacións municipais (Casa da cultura, piscina e área recreativa) para algunhas actividades (xornadas de xogos, concertos, contacontos ...)
- O xogo, fundamental como ferramenta de aprendizaxe nesta etapa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial é imprescindible para planificar toda a nosa actividade, xa que nos permite apreciar os coñecementos previos do alumnado e realizar as adaptacións oportunas e necesarias á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades.

O instrumento básico de avaliación é a observación directa, aplicada en distintos momentos, lugares e situacións: na aula, no patio, no ximnasio, nos momentos de xogo ...

Estas observacións deben ser recollidas en distintas formas:

- Rexistro individualizado do período de adaptación: rexistraremos o comportamento de cada nena e neno con distintos items (quen o acompaña, quen o recolle, como entra, como interactúa cos iguais, co espazo, cos obxectos da aula, cos adultos, as preferencias na elección de xoguetes, xogos, compañeiros, se vai ou non ao baño, etc.)
- Observación directa da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc. realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.
- Observacións aportadas polo profesorado especialista que traballa na aula.

A sesión de avaliación inicial levarase a cabo unha vez superado o período de adaptación. Teremos en conta a información obtida durante este período, pero agardaremos a que o alumno se desenvolva nas rutinas diarias da aula.

Nas sesións de avaliación inicial (cos datos das observacións de todo o profesorado que traballa co grupo) valoraremos, de seren necesarias, as medidas que se poidan adoptar (atención individualizada, algún apoio puntual, intervención do DO ...)

A avaliación inicial ten unha importante dimensión preventiva na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas, como para proceder á aplicación das medidas necesarias que se consideren máis axeitadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesorado algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir a súa propia aprendizaxe.

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e.

Criterios de recuperación:

Non procede nesta etapa educativa.

6. Medidas de atención á diversidade

O currículo desta etapa establece como finalidade da educación infantil o desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos: físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo.

Entendidas a atención á diversidade como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, partiremos dun enfoque globalizador, potenciaremos a participación activa de cada neno e nena na aprendizaxe propia, respectando a individualidade no ritmo madurativo e buscando o desenvolvemento máximo de cada un. Buscaremos un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades e colaboración, e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías.

Medidas propostas:

- Atención individualizada
- Flexibilizar espazos e tempos en función das necesidades das nenas e dos nenos
- Organizar a aula de forma que sexa accesible a todo o alumnado
- Adecuar tempos e rutinas en base ás súas necesidades físicas e afectivas
- Adecuar a programación didáctica ao grupo clase e ao alumnado con algunha dificultade
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, favorecendo un ambiente afectivo e cordial na aula
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación ás características do alumnado con algunha dificultade
- Aproveitar as posibilidades das TIC para a estimulación da linguaxe, o razoamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas

- Primar o esforzo e non o resultado, procurando aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas abertas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades, potenciando a creatividade
- Procurar partir de situacións de éxito, para ir aumentando gradualmente a dificultade das tarefas
- En cada unidade didáctica teremos actividades de reforzo e de ampliación, según os diferentes ritmos de aprendizaxe e as necesidades
- Contaremos co Departamento de Orientación e a especialista PT do centro, que fará os apoios que valoremos oportunos, segundo as prioridades e a dispoñibilidade horaria.
- Teremos media sesión semanal a cargo dunha especialista de AL (compartida cos centros de Pontecarreira e Trazo). É insuficiente para atender as necesidades, sobre todo nesta etapa educativa, na que a linguaxe é unha aprendizaxe crítica.
- Facer as intervencións necesarias contando con todos os axentes implicados no proceso educativo: titoría, especialistas, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional | X | X | X |
| ET.2 - Hábitos de control corporal | X | X | X |
| ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social | X | X | X |
| ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos | X | X | X |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable | X | X | X |
| ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos | X | X | X |

Observacións:

Empregaremos unha linguaxe non sexista, libre de estereotipos, que promova o respecto á diversidade (familiar, cultural, de opinión...) e ao mesmo tempo favoreza que cada nena/o elabore unha imaxe positiva e equilibrada de sí mesmo e dos demais.

A educación en valores (tolerancia, respecto, empatía ...) estará presente ao longo de toda a nosa actividade.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Actividades e celebracións contempladas na PXA do centro | Magosto, Día do Peón, 25N, Nadal, Día da Paz, Día de Rosalía, Entroido, Día da Muller, Día da poesía, Día do Libro, Letras Galegas ... | X | X | X |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Saídas didácticas de interese | Serán como mínimo tres, unha por trimestre. Consistirán en visitas a museos, saídas ao cine, teatro, concertos e/ou exposicións, según as propostas culturais que vaian xurdindo ao longo do curso. | X | X | |
| Excursión de fin de curso | Actividade de carácter máis lúdico, como despedida de curso | | | X |
| Saídas pola contorna próxima | Pequenas excursións ou paseos para coñecer e disfrutar da nosa contorna | X | X | X |
| Obradoiros, talleres e experiencias planificadas desde a comunidade educativa | A proposta do equipo de ciclo (ou doutros equipos docentes) e do concello ou asociacións, poderanse realizar con monitores ou con persoal do centro, sempre que sexan de interese educativo para o noso alumnado | X | X | X |
| Contacontos, actividades de danza e/ou dramatización, talleres artísticos | O obxectivo é traballar co alumnado todas as formas de linguaxe: literaria, musical, corporal, plástica | X | X | X |
| Visitas á aula | Poderemos contar con visitas que complementen a nosa actividade na aula (familiares, profesionais, veciñanza ...) | X | X | X |

Observacións:

O alumnado de 4º de Infantil poderá participar nas actividades e celebracións programadas e reflectidas na PXA, así como nas conmemoracións que marca o calendario escolar.

Tamén teremos un obradoiro trimestral aberto á participación das familias, favorecendo así a relación escola-familia e a participación no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

A partir do 2º trimestre, os alumnos e alumnas de Educación Infantil participarán en distintos talleres sobre ciencia e emocións.

Saídas didácticas: contémpanse con mínimo tres saídas didácticas (unha por trimestre).

Tamén se farán saídas pola contorna máis próxima.

Moitas destas actividades poden variar en función da oferta cultural, dos intereses do alumnado ou da dispoñibilidade de recursos económicos necesarios para a súa realización.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Deseño das actividades adecuadas ao alumnado |
| Elementos curriculares presentes nas actividades |
| Contémpanse todas as NEAE no deseño das actividades |
| Instrumentos de avaliación eficaces e axeitados |

| |
|--|
| Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación. |
| Empréganse diversos recursos didácticos. |
| Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades |
| Temporalización de actividades adecuada |
| Existe coordinación co equipo docente. |
| Promóvese a participación das familias. |
| Individualización do proceso segundo as características de cada alumna/o |
| Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas. |
| A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe. |

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza, posibilitando as modificacións e melloras necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación vaise valorar a través dunha escala na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.
Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados